

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac7931132593588010501.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 43-2024 Cámaras Vixilancia. Pol. Ceao

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN FIXA DE TRES CÁMARAS CON CAPTACIÓN DE IMAXE (VIDEO E FOTOGRAFÍA), CON CARÁCTER URGENTE NO POLÍGONO INDUSTRIAL DO CEAO, CUN SISTEMA DE ALERTAS PARA A IDENTIFICACIÓN DE VEHÍCULOS INFRACTORES OU EN SITUACIÓN IRREGULAR.

Visto o expediente tramitado para modificar o plan de investimentos dentro do vixente orzamento do exercizo 2024, que leva asociada unha transferencia de crédito núm.: 43-2024, por un importe total de 17.450 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura as obrigas de carácter económico derivadas da adquisición e instalación fixa de tres cámaras con captación de imaxe (video e fotografía), de apoio a las cámaras de vixilancia do tráfico, con todo el *hardware* y *software* necesario para su funcionamiento e con carácter urgente no Polígono Industrial do Ceao, cun sistema de alertas para a identificación de vehículos infractores ou en situación irregular.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, en concreto o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1309/2024, do 16.09.2024.

Tendo en conta que se ven advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiciadores e magnitudes económico-financieras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Por tanto, con independencia de que esta ou sucesivas modificacións de crédito desta tipoloxía sexan viables dende o punto de vista do cumprimento da normativa, recoméndase analizar pormenorizadamente polos órganos xestores a necesidade real de levalas a cabo, no senso de que implicarán a realización dun gasto que doutro xeito podería non executarse, permitindo un aforro, podendo ser indicativas tamén de que se sobrepasaron as previsións orzamentarias en determinadas áreas ou materias neste momento do ano, o que debería merecer unha reflexión máis profunda por parte dos xestores antes de propoñelas.

Neste caso concreto é certo que se trata simplemente dun cambio de destino de proxectos de investimento recollidos no anexo correspondente do orzamento, que corresponden en ambos casos á área de seguridade e se financian con recursos alleos, neste caso o préstamo.

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac7931132593588010501.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 43-2024 Cámaras Vixilancia. Pol. Ceao

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 17.450 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>PROXECTO E PARTIDAS ORZAMENTARIA QUE CEDE CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>PROXECTO E PARTIDA ORZAMENTARIA QUE INCREMENTA CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
24XX00001 (<i>Investimentos Policía Local</i>) Aplicación orzamentaria 13200.62500 13200.62300	15.710 € 1.740 €	24XX00044(<i>Cámaras vixilancia Pol. Ceao</i>) Aplicación orzamentaria 13200.62500	17.450 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	17.450 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	17.450 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.